



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 29 DE XANEIRO DE 2026.

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DE SESIÓN ANTERIOR. SESIÓN ORDINARIA DE PLENO DE DÍA 23.12.2025.....	2
2.- RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS DO ACORDO ADOPTADO POLO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME, CELEBRADO EN SESIÓN ORDINARIA O DÍA 23.12.2025, RELATIVO AO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ ADICIONAL 1/2026" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.....	4
3. RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS NO ANEXO II DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA "CONTRATO DE SERVIZOS DE AXUDA NO FOGAR, NA MODALIDADE DE DEPENDENCIA E DE LIBRE CONCORRENCIA, DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)".....	10
4. MOCIÓN PSDG-PSOE: SITUACIÓN DE SATURACIÓN DO SERVIZO DE URXENCIAS DO HOSPITAL ARQUITECTO MARCIDE DE FERROL.....	22
5. MOCIÓN PSDG-PSOE: ADOPCIÓN MEDIDAS URXENTES PARA GARANTIR UN SERVIZO DE TRANSPORTE INTERUBANO AXEITADO NA LIÑA FERROL-A CORUÑA.....	24
6. DAR CONTA DA REMISIÓN DE INFORMACIÓN AO MINISTERIO EN RELACIÓN COA PRÓRROGA DO ORZAMENTO 2025 A 2026.....	27
7. DAR CONTA DAR REMISIÓN AO MINISTERIO DO PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO E MOROSIDADE. 4º TRIMESTRE 2025.....	28
8. ASUNTOS DE URXENCIA.....	29
9. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES.....	29
10. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA RESOLUCIÓNS ALCALDÍA PRESIDENCIA.....	29
11. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.....	38
11.1. PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.....	38
11.2. ROGOS FORMULADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.....	42
11.3. PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP.....	43
11.4. ROGOS FORMULADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP.....	46
REMATE DA SESIÓN.....	46
DILIXENCIA DE APROBACIÓN.....	46





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME CELEBRADA O 29 DE XANEIRO DE 2026.

ASISTENTES:

Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro

Concelleiros/as:

D^a María Rosario Huertas Garabana (PSdeG-PSOE)

D. Daniel Ríos Fernández (PSdeG-PSOE)

D. José Simoes Couceiro (PSdeG-PSOE).

D^a Alejandra Bellón Tenreiro (PSdeG-PSOE)

D. Isaac Alejandro García Otero. (PSdeG-PSOE).

D^a Ángela Piñeiro Carrera (PSdeG-PSOE).

D. Joshua Dopico López (PSdeG-PSOE)

D^a. Manuela García Fachal (PSdeG-PSOE)

D. Manuel Aaron Curbeira Martínez (BNG)

D^a María del Rocío Pena Pena (BNG)

D. Santiago José Rodríguez Piñeiro (PP)

D^a Montserrat Pico Rodeiro (PP)

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e sete minutos do día vinte e nove de xaneiro de dous mil vinte e seis, xúntanse, en sesión ordinaria Pleno, en primeira convocatoria, previamente convocados/as ao efecto, os concelleiros e concelleiras membros do Pleno do concello relacionados/as á marxe, baixo a presidencia do señor Alcalde-Presidente don Bernardo Fernández Piñeiro

Foron asistidos pola Secretaria xeral e a Interventora municipal.

A Secretaria xeral:

D^a Ana Ramos Ramos

A Interventora municipal

D. Lucía Varela Martínez

A Presidencia abre a sesión.

1. LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DE SESIÓN ANTERIOR. SESIÓN ORDINARIA DE PLENO DE DÍA 23.12.2025.

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Expediente TEdC: 2025/G006/000021





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia do borrador da acta correspondente á sesión:

SESIÓN ORDINARIA DE 23.12.2025

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

SESIÓN ORDINARIA DE 23.12.2025 (borrador asinado o día 20.01.2026)

SEGUNDO.-. Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

A presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións sométese a votación a proposta de acordo, quedando **ADOPTADO** por **POR UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes (9 PSOE, 2 BNG e 2 PP); o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

SESIÓN ORDINARIA DE 23.12.2025 (borrador asinado o día 20.01.2026)

SEGUNDO.-. Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

2. RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS DO ACORDO ADOPTADO POLO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME, CELEBRADO EN SESIÓN ORDINARIA O DÍA 23.12.2025, RELATIVO AO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ ADICIONAL 1/2026" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno, de día 26.01.2026, que se transcribe a continuación:

<<DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: ORDINARIA DE DÍA LUNS 26 DE XANEIRO DE 2026

EXPDTE: 2026/G012/000001

2.- RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS DO ACORDO ADOPTADO POLO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME, CELEBRADO EN SESIÓN ORDINARIA O DÍA 23.12.2025, RELATIVO AO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ ADICIONAL 1/2026" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS

Consta proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO

RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS DO ACORDO ADOPTADO POLO PLENO DO CONCELLO DE PONTEDEUME, CELEBRADO EN SESIÓN ORDINARIA O DÍA 23.12.2025, RELATIVO AO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ ADICIONAL 1/2026" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.

Expediente TEdC: 2025/A007/000005

Por acordo do Pleno do Concello, en sesión ordinaria celebrada o día 23.12.2025, adoptouse entre outros, o ACORDO relativo ao PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ ADICIONAL 1/2026" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.

Detectado un erro material no punto primeiro do dito acordo, en tanto que:

Onde di:

"...//...

PRIMEIRO.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ Adicional 1/2026" da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, aceptar a totalidade das súas Bases , e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais, segundo se indica a continuación:

GASTOS SOCIAIS	PREVISIÓ N DE	ESTIMACIÓ N DOUTROS	ESTIMACIÓ N DO	IMPORTE SOLICITAD	OUTROS RECURSO
-----------------------	--------------------------	--------------------------------	---------------------------	------------------------------	---------------------------



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

EXTRAORDINARIOS 2026	GASTOS 2026	INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	O POS+ADICIONAL	S PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
Gastos correntes	70930,32	7.500,00 €	63.430,32 €	0,00 €	63.430,32 €
Investimentos: Tipoloxía i			0,00 €		0,00 €
Investimentos: Tipoloxía j			0,00 €		0,00 €
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2026	70.930,32 €	7.500,00 €	63.430,32 €	0,00 €	63.430,32 €

IMPORTES SOLICITADOS

I. Importe solicitado para gastos correntes	63.430,32 €
II. Importe solicitado para investimentos: Tipoloxía i	0,00 €
III. Importe solicitado para investimentos : Tipoloxía j	0,00 €
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2026 (I + II + III)	63.430,32 €

...//...”

Debe dicir:

“...//...”

PRIMEIRO.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2026” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, aceptar a totalidade das súas Bases , e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais, segundo se indica a continuación:

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2026	PREVISIÓN DE GASTOS 2026	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE SOLICITADO POS+ADICIONAL	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
Gastos correntes	70930,32	7.500,00 €	63.430,32 €	63.430,32 €	0,00 €





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Investimentos: Tipoloxía i			0,00 €		0,00 €
Investimentos: Tipoloxía j			0,00 €		0,00 €
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2026	70.930,32 €	7.500,00 €	63.430,32 €	63.430,32 €	0,00 €

IMPORTES SOLICITADOS

I. Importe solicitado para gastos correntes	63.430,32 €
II. Importe solicitado para investimentos: Tipoloxía i	0,00 €
III. Importe solicitado para investimentos : Tipoloxía j	0,00 €
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2026 (I + II + III)	63.430,32 €

...//...”

En virtude do disposto no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que establece que: “2. As administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”

Esta Alcaldía **PROPÓN:**

PRIMEIRO.- Rectificar o erro material contido no punto primeiro do acordo adoptado polo Pleno do Concello celebrado en sesión ordinaria o día 23.12.2025 conforme ao seguinte:

Onde di:

“...//...”

PRIMEIRO.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2026” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, aceptar a totalidade das súas Bases , e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais, segundo se indica a continuación:

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2026	PREVISIÓN DE GASTOS 2026	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE SOLICITADO O POS+ADICIONAL	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Gastos correntes	70930,32	7.500,00 €	63.430,32 €	0,00 €	63.430,32 €
Investimentos: Tipoloxía i			0,00 €		0,00 €
Investimentos: Tipoloxía j			0,00 €		0,00 €
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2026	70.930,32 €	7.500,00 €	63.430,32 €	0,00 €	63.430,32 €

IMPORTES SOLICITADOS

I. Importe solicitado para gastos correntes	63.430,32 €
II. Importe solicitado para investimentos: Tipoloxía i	0,00 €
III. Importe solicitado para investimentos : Tipoloxía j	0,00 €
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2026 (I + II + III)	63.430,32 €

...//...”

Debe decir:

“...//...”

PRIMEIRO.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2026” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, aceptar a totalidade das súas Bases , e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais, segundo se indica a continuación:

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2026	PREVISIÓN DE GASTOS 2026	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE SOLICITADO O POS+ADICIONAL	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
Gastos correntes	70930,32	7.500,00 €	63.430,32 €	63.430,32 €	0,00 €
Investimentos: Tipoloxía i			0,00 €		0,00 €
Investimentos: Tipoloxía j			0,00 €		0,00 €
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2026	70.930,32 €	7.500,00 €	63.430,32 €	63.430,32 €	0,00 €





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

IMPORTES SOLICITADOS

I. Importe solicitado para gastos correntes	63.430,32 €
II. Importe solicitado para investimentos: Tipoloxía i	0,00 €
III. Importe solicitado para investimentos : Tipoloxía j	0,00 €
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2026 (I + II + III)	63.430,32 €

...//...”

SEGUNDO.- Dar traslado da adopción do presente acordo á Deputación da Coruña, aos efectos oportunos.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, por **UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes (5 PSOE, 1 BNG e 1 PP)>>.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións sométese a votación o ditame, quedando **ADOPTADO** por **POR UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes (9 PSOE, 2 BNG e 2 PP), o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Rectificar o erro material contido no punto primeiro do acordo adoptado polo Pleno do Concello celebrado en sesión ordinaria o día 23.12.2025 conforme ao seguinte:

Onde di:

“...//...”

PRIMEIRO.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2026” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, aceptar a totalidade das súas Bases , e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais, segundo se indica a continuación:



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2026	PREVISIÓN DE GASTOS 2026	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE SOLICITADO O POS+ADICIONAL	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO
	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
Gastos correntes	70930,32	7.500,00 €	63.430,32 €	0,00 €	63.430,32 €
Investimentos: Tipoloxía i			0,00 €		0,00 €
Investimentos: Tipoloxía j			0,00 €		0,00 €
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2026	70.930,32 €	7.500,00 €	63.430,32 €	0,00 €	63.430,32 €

IMPORTES SOLICITADOS

I. Importe solicitado para gastos correntes	63.430,32 €
II. Importe solicitado para investimentos: Tipoloxía i	0,00 €
III. Importe solicitado para investimentos : Tipoloxía j	0,00 €
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2026 (I + II + III)	63.430,32 €

“.../...”

Debe decir:

“.../...”

PRIMEIRO.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “POS+ Adicional 1/2026” da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento de gastos sociais extraordinarios, aceptar a totalidade das súas Bases , e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais, segundo se indica a continuación:

GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2026	PREVISIÓN DE GASTOS 2026	ESTIMACIÓN DOUTROS INGRESOS PÚBLICOS OU PRIVADOS	ESTIMACIÓN DO GASTO A FINANCIAR POLO CONCELLO	IMPORTE SOLICITADO O POS+ADICIONAL	OUTROS RECURSOS PROPIOS DO CONCELLO





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	(A)	(B)	(C=A-B)	(D)	(E=C-D)
Gastos correntes	70930,32	7.500,00 €	63.430,32 €	63.430,32 €	0,00 €
Investimentos: Tipoloxía i			0,00 €		0,00 €
Investimentos: Tipoloxía j			0,00 €		0,00 €
TOTAL GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS 2026	70.930,32 €	7.500,00 €	63.430,32 €	63.430,32 €	0,00 €

IMPORTES SOLICITADOS

I. Importe solicitado para gastos correntes	63.430,32 €
II. Importe solicitado para investimentos: Tipoloxía i	0,00 €
III. Importe solicitado para investimentos : Tipoloxía j	0,00 €
TOTAL SOLICITADO POS+ADICIONAL 2026 (I + II + III)	63.430,32 €

...//...”

SEGUNDO.- Dar traslado da adopción do presente acordo á Deputación da Coruña, aos efectos oportunos.

3. RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS NO ANEXO II DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA “CONTRATO DE SERVICIOS DE AXUDA NO FOGAR, NA MODALIDADE DE DEPENDENCIA E DE LIBRE CONCORRENCIA, DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)”.

A secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno, de día 26.01.2026, que se transcribe a continuación:

<<DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: ORDINARIA DE DÍA LUNS 26 DE XANEIRO DE 2026

EXPDTE: 2026/G012/000001

4.- ASUNTOS DE URXENCIA.

A secretaria municipal indica, que se presentou un asunto fóra da orde do día:

RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS NO ANEXO II DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

“CONTRATO DE SERVICIOS DE AXUDA NO FOGAR, NA MODALIDADE DE DEPENDENCIA E DE LIBRE CONCORRENCIA, DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)”

que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS NO ANEXO II DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA “CONTRATO DE SERVICIOS DE AXUDA NO FOGAR, NA MODALIDADE DE DEPENDENCIA E DE LIBRE CONCORRENCIA, DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)”

(EXPEDIENTE Nº: 2025/C004/000009)

(Expediente TEdC: 2026/G006/000020)

ANTECEDENTES

Mediante acordo do Pleno do concello en sesión ordinaria do 23.12.2025 acordouse, entre outros, incoar o procedemento para **“Contrato do servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia e de libre concorrancia do Concello de Ponte deume (A Coruña)”** e aprobar o prego de prescricións técnicas e o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato.

O día 07.01.2026 mediante anuncio no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil do contratante procedeuse á apertura do prazo de presentación de ofertas na presente licitación.

Logo de ver a consulta realizada a través da plataforma de contratos do sector público con dirección <https://contrataciondelestado.es> referente ao erro material contido no modelo de oferta (ANEXO II) no apartado B) **Mejoras (3. Planificación de formación del personal)** no relativo ao número de horas dos cursos ofertados e que non coinciden co indicado na cláusula 19 do ANEXO I relativo aos criterios de adxudicación para o contrato de “Servicio de ayuda en el hogar del Ayuntamiento de Ponte deume, modalidad dependencia y libre concurrencia”, sendo a contida no ANEXO I a correcta e tratándose dun erro de transcripción a indicada no ANEXO II.

Así, no **ANEXO II MODELO DE OFERTA DE CRITERIOS VALORABLES EN CIFRAS O PORCENTAJES** do PCAP aprobado mediante acordo do Pleno en sesión ordinaria do 23.12.2025, **ONDE DI:**

“(…)

3. Planificación de la formación del personal

- Cursos de formación y reciclaje para el personal de plantilla con un número de horas justificado:
 - No ofrezco
 - Ofrezco los siguientes:



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	NÚMERO DE CURSOS
Cursos de más de 40 horas	
Cursos de más de 32 hora hasta 40 horas	
Cursos de más de 24 hasta 32 horas	

- Cursos de formación previa para nuevas incorporaciones:
 - No ofrezco
 - Ofrezco los siguientes:

	NÚMERO DE CURSOS
Cursos de más de 40 horas	
Cursos de más de 32 hora hasta 40 horas	
Cursos de más de 24 hasta 32 horas	

(...)"

DEBE DICIR:

"(...)

3. Planificación de la formación del personal

- Cursos de formación y reciclaje para el personal de plantilla con un número de horas justificado:
 - No ofrezco
 - Ofrezco los siguientes:

	NÚMERO DE CURSOS
Cursos de 1 a 15 horas	
Cursos de 16 a 30 horas	
Cursos de más de 30 horas	

- Cursos de formación previa para nuevas incorporaciones:
 - No ofrezco





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Ofrezco los siguientes:

	NÚMERO DE CURSOS
Cursos de 1 a 15 horas	
Cursos de 16 a 30 horas	
Cursos de más de 30 horas	

(...)"

O día 22.01.2026 publícase no perfil do contratante unha comunicación advertindo do dito erro detectado aos efectos do coñecemento público e mentres non se acorda a dita modificación dos erros detectados polo órgano de contratación, co fin de non causar prexuízo aos posibles interesados na presentación das ofertas.

De conformidade co establecido no artigo 122 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público "1. Los pliegos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente a la autorización del gasto o conjuntamente con ella, y siempre antes de la licitación del contrato, o de no existir esta, antes de su adjudicación, y solo podrán ser modificados con posterioridad por error material, de hecho o aritmético. En otro caso, la modificación del pliego conllevará la retroacción de actuaciones".

Segundo o establecido no artigo 136 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, os órganos de contratación deberán ampliar o prazo inicial de presentación de ofertas e solicitudes de participación cando se introduzan modificacións significativas nos pregos de contratación, e sendo que é quen ostenta a potestade de rectificar e modificar calquera dato ou documento que sirve de base para a presente licitación, co fin de dar acceso aos posibles interesados na licitación de toda a documentación necesaria para a elaboración das súas ofertas.

Tendo en conta a lexislación aplicable ao presente expediente, e en concreto a disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español das Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, respecto da determinación do órgano competente dos expedientes de contratos.

Esta Alcaldía somete a aprobación do pleno da Corporación, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

PRIMEIRO.- Rectificar os erros de transcripción detectados no **ANEXO II MODELO DE OFERTA DE CRITERIOS VALORABLES EN CIFRAS O PORCENTAJES** do prego de cláusulas administrativas (PCAP) para "**Contrato do servizo de axuda no fogar na**





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

modalidade de dependencia e de libre concorrencia do Concello de Ponte deume (A Coruña) aprobado mediante acordo do Pleno do concello en sesión ordinaria celebrada o día 23.12.2025, no seguinte sentido:

ONDE DI:

“(…)

3. Planificación de la formación del personal

- Cursos de formación y reciclaje para el personal de plantilla con un número de horas justificado:

- No ofrezco
- Ofrezco los siguientes:

	NÚMERO DE CURSOS
Cursos de más de 40 horas	
Cursos de más de 32 hora hasta 40 horas	
Cursos de más de 24 hasta 32 horas	

- Cursos de formación previa para nuevas incorporaciones:

- No ofrezco
- Ofrezco los siguientes:

	NÚMERO DE CURSOS
Cursos de más de 40 horas	
Cursos de más de 32 hora hasta 40 horas	
Cursos de más de 24 hasta 32 horas	

(…)”

DEBE DICIR:

“(…)”

3. Planificación de la formación del personal

- Cursos de formación y reciclaje para el personal de plantilla con un número de horas justificado:

- No ofrezco
- Ofrezco los siguientes:



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	NÚMERO DE CURSOS
Cursos de 1 a 15 horas	
Cursos de 16 a 30 horas	
Cursos de más de 30 horas	

- Cursos de formación previa para nuevas incorporaciones:
 - No ofrezco
 - Ofrezco los siguientes:

	NÚMERO DE CURSOS
Cursos de 1 a 15 horas	
Cursos de 16 a 30 horas	
Cursos de más de 30 horas	

(...)"

En consecuencia, substituír o documento de ANEXO II que se incorpora no prego de cláusulas administrativas (PCAP) aprobado e publicado no perfil do contratante, polo que se incorpora como anexo do presente acordo.

SEGUNDO.- Ampliar o prazo inicial de presentación de solicitudes, en virtude do establecido no artigo 136 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo tempo transcurrido entre a publicación no perfil do contratante da detección do erro material do PCAP e a adopción do presente acordo (total de 7 días naturais), co fin de garantir que todos os posibles interesados na licitación teñan acceso á documentación correcta e necesaria para a elaboración das correspondentes ofertas.

TERCEIRO. - Publicar o presente acordo no perfil de contratante, así como o **ANEXO II MODELO DE OFERTA DE CRITERIOS VALORABLES EN CIFRAS O PORCENTAJES** modificado, en substitución do incorporado ao PCAP publicado.

No entanto, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno".

Sométese a votación a urxencia, quedando **RATIFICADA A URXENCIA**, coa **INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA, POR MAIORÍA DE SEIS VOTOS A FAVOR (6)**, dos concelleiros





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (5), D. José Simoes Couceiro, D^a M.^a Rosario Huertas Garabana, D^a. Alejandra Bellón Tenreiro, D. Joshua Dopico López, D. Daniel Ríos Fernández, e do concelleiro do grupo municipal do PP (1), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro; e **UNHA ABSTENCIÓNS (1)** do concelleiro do grupo municipal do BNG (1) D. Manuel Aaron Curbeira Martínez

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, **POR MAIORÍA DE SEIS VOTOS A FAVOR (6)**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (5), D. José Simoes Couceiro, D^a M.^a Rosario Huertas Garabana, D^a. Alejandra Bellón Tenreiro, D. Daniel Ríos Fernández, D. Joshua Dopico López; e do concelleiro do grupo municipal do PP (1), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro; e **UNHA ABSTENCIÓN (1)** do concelleiro do grupo municipal do BNG (1) D. Manuel Aaron Curbeira Martínez>>.

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións sométese a votación o ditame, quedando **ADOPTADO** por **POR MAIORÍA DE ONCE VOTOS A FAVOR (11)**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (9), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D^a M.^a Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D^a. Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D. Joshua Dopico Lopez e D^a. Ángela Piñeiro Carrera e D^a Manuela García Fachal; do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D^a. Montserrat Pico Rodeiro; e **DÚAS ABSTENCIÓNS (2)** do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do BNG (2), D. Manuel Aaron Curbeira Martínez e D^a Rocío Pena Pena; o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Rectificar os erros de transcripción detectados no **ANEXO II MODELO DE OFERTA DE CRITERIOS VALORABLES EN CIFRAS O PORCENTAJES** do prego de cláusulas administrativas (PCAP) para “**Contrato do servizo de axuda no fogar na modalidade de dependencia e de libre concorrencia do Concello de Ponte deume (A Coruña)**” aprobado mediante acordo do Pleno do concello en sesión ordinaria celebrada o día 23.12.2025, no seguinte sentido:

ONDE DI:

“(…)

3. Planificación de la formación del personal

- Cursos de formación y reciclaje para el personal de plantilla con un número de horas justificado:





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- No ofrezco
- Ofrezco los siguientes:

	NÚMERO DE CURSOS
Cursos de más de 40 horas	
Cursos de más de 32 hora hasta 40 horas	
Cursos de más de 24 hasta 32 horas	

- o Cursos de formación previa para nuevas incorporaciones:
 - No ofrezco
 - Ofrezco los siguientes:

	NÚMERO DE CURSOS
Cursos de más de 40 horas	
Cursos de más de 32 hora hasta 40 horas	
Cursos de más de 24 hasta 32 horas	

(...)"

DEBE DICIR:

"(...)

3. Planificación de la formación del personal

- o Cursos de formación y reciclaje para el personal de plantilla con un número de horas justificado:
 - No ofrezco
 - Ofrezco los siguientes:

	NÚMERO DE CURSOS
Cursos de 1 a 15 horas	
Cursos de 16 a 30 horas	
Cursos de más de 30 horas	





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- Cursos de formación previa para nuevas incorporaciones:
 - No ofrezco
 - Ofrezco los siguientes:

	NÚMERO DE CURSOS
Cursos de 1 a 15 horas	
Cursos de 16 a 30 horas	
Cursos de más de 30 horas	

(...)"

En consecuencia, substituír o documento de ANEXO II que se incorpora no prego de cláusulas administrativas (PCAP) aprobado e publicado no perfil do contratante, polo que se incorpora como anexo do presente acordo.

SEGUNDO.- Ampliar o prazo inicial de presentación de solicitudes, en virtude do establecido no artigo 136 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo tempo transcurrido entre a publicación no perfil do contratante da detección do erro material do PCAP e a adopción do presente acordo (total de 7 días naturais), co fin de garantir que todos os posibles interesados na licitación teñan acceso á documentación correcta e necesaria para a elaboración das correspondentes ofertas.

TERCEIRO. - Publicar o presente acordo no perfil de contratante, así como o **ANEXO II MODELO DE OFERTA DE CRITERIOS VALORABLES EN CIFRAS O PORCENTAJES** modificado, en substitución do incorporado ao PCAP publicado.

"ANEXO II

MODELO DE OFERTA DE CRITERIOS VALORABLES EN CIFRAS O PORCENTAJES

D./Dña....., con DNI número.....en nombre (propio) o (de la empresa que representa).....con NIF..... y domicilio fiscal..... en.....calle.....número.....enterado del anuncio publicado en el (perfil de contratante, DOUE)¹ del día.....de..... de..... y de las condiciones, requisitos y obligaciones sobre

¹ Se indicará exclusivamente la fecha del anuncio en el perfil de contratante o en el DOUE en el que haya aparecido el anuncio.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

protección y condiciones de trabajo que se exigen para la adjudicación del contrato de.....se compromete a tomar a su cargo la ejecución de las mismas, con estricta sujeción a los expresados requisitos, condiciones y obligaciones y en nombre propio (o de la entidad.....), toma a su cargo el citado contrato con estricta sujeción los requisitos y condición exigidos en la convocatoria y a dichos pliegos, **y ofrece la siguiente oferta:**

A.- Oferta económica:

	PRECIO OFERTADO
PRECIO HORA SIN IVA	
IMPORTE IVA (4%)	
PRECIO HORA CON IVA	

B.- Mejoras (marcar con una X los que se incluyen en la proposición):

1. **Programa de empréstito de ayudas técnicas a mayores de los mínimos obligatorios especificados en el pliego de prescripciones técnicas**
 - No ofrezco
 - Ofrezco las siguientes:

	UNIDADES
Grúa de movilización	
Cama articulada eléctrica (incluyendo dos baldas y colchón antiescalada con compresor)	
Silla de ruedas	
Silla de ducha/bañera	
Cojín antiescaras	
Andador	
Muletas	
Elevador W.C	
Disco giratorio posicional	
Tabla de transferencias	
Patatas de elefante	

2. **Programa de prestación de servicios complementarios**





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- No ofrezco
- Ofrezco las siguientes:

	NÚMERO DE PACKS
Pack de 5 sesiones del servicio de podología al mes	
Pack de 5 sesiones del servicio de peluquería al mes	
Pack de 5 sesiones del servicio de fisioterapia al mes	

	NÚMERO DE SESIONES
Sesiones del servicio de apoyo psicoterapéutico al mes	
Sesiones del servicio de actividades terapéutico-ocupacionales al mes	

	NÚMERO DE SERVICIOS
Servicio de limpieza e higiene de carácter especial y urgente en domicilios	

3. **Planificación de la formación del personal**

- Cursos de formación y reciclaje para el personal de plantilla con un número de horas justificado:
- No ofrezco
- Ofrezco los siguientes:

	NÚMERO DE CURSOS
<i>Cursos de 1 a 15 horas</i>	
<i>Cursos de 16 a 30 horas</i>	
<i>Cursos de más de 30 horas</i>	

- Cursos de formación previa para nuevas incorporaciones:





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- No ofrezco
 Ofrezco los siguientes:

	NÚMERO DE CURSOS
Cursos de 1 a 15 horas	
Cursos de 16 a 30 horas	
Cursos de más de 30 horas	

4. **Planificación de formación para personas cuidadoras, bien en el propio domicilio o en grupos organizados, referida a cualquiera de los siguientes temas**

- No ofrezco
 Ofrezco los siguientes:

	HORAS TOTALES
Movilización y transferencias de personas dependientes	
Prevención y cuidados de las úlceras por presión	
Cuidados básicos en las personas dependientes: higienes personal, alimentación, prevención...	
Adaptaciones funcionales del hogar	
Cuidando al cuidador	

5. **Capacidad de respuesta de la empresa**

- No ofrezco
 Ofrezco los siguientes:
- Reducción del tiempo de inicio de prestación del SAD establecido en el PPT: días de reducción
 - Reducción del tiempo de inicio de la prestación del SAD en casos urgentes: horas de reducción

6. **Manual de Buenas Prácticas o Código Deontológico**

- No ofrezco
 Ofrezco los siguientes:





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Todo ello de acuerdo con lo establecido en los pliegos de prescripciones técnicas y cláusulas administrativas particulares que sirven de base a la convocatoria, cuyo contenido declara conocer y acepta plenamente. En la elaboración de esta oferta se han tenido en cuenta las obligaciones derivadas de las disposiciones vigentes en materia de fiscalidad, protección del medio ambiente, protección del empleo, igualdad de género, condiciones de trabajo, prevención de riesgos laborales e inserción sociolaboral de las personas con discapacidad, y a la obligación de contratar a un número o porcentaje específico de personas con discapacidad.

Fecha y firma del licitador.

Puede consultar toda la información detallada sobre Protección de Datos en el Anexo IX al presente pliego.

DIRIGIDO AL ÓRGANO DE CONTRATACIÓN CORRESPONDIENTE".

4. MOCIÓN PSdG-PSOE: SITUACIÓN DE SATURACIÓN DO SERVIZO DE URXENCIAS DO HOSPITAL ARQUITECTO MARCIDE DE FERROL.

Toma a palabra a **concelleira portavoz do grupo municipal do PSdG-PSOE, dona Alejandra Bellón Tenreiro**, que da lectura á moción presentada:

"MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A SÚA CONSIDERACIÓN, DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO, ANTE A SITUACIÓN DE SATURACIÓN DO SERVIZO DE URXENCIAS DO HOSPITAL ARQUITECTO MARCIDE DE FERROL.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sanidade pública é un dos piares fundamentais do Estado do benestar e un dereito esencial que debe garantir igualdade, dignidade e acceso á atención sanitaria en condicións óptimas para toda a cidadanía, con independencia do seu lugar de residencia ou da súa situación económica. Un sistema sanitario forte, ben planificado e dotado dos recursos necesarios é unha condición imprescindible para asegurar unha atención de calidade e para preservar a confianza da sociedade nos servizos públicos.

Nas últimas semanas, o Hospital Arquitecto Marcide, integrado na Área Sanitaria de Ferrol, vén sufrindo unha situación de saturación persistente no seu servizo de urxencias, con longas esperas, sobrecarga asistencial e unha evidente falta de recursos humanos suficientes para atender con garantías á poboación. Esta situación fíxose especialmente grave tras coñecerse a denuncia pública dunha familia que relata o falecemento dunha paciente despois de permanecer durante varias horas sen recibir a atención médica adecuada no servizo de urxencias, a pesar de presentar un cadro clínico grave.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Este feito pon de manifesto un fallo estrutural no funcionamento do servizo, asociado á falta de persoal, á insuficiente planificación sanitaria e á inexistencia de medidas eficaces para previr e evitar o colapso asistencial. O ocorrido non pode ser tratado como un feito illado nin reducido a unha circunstancia excepcional. Pola contra, profesionais sanitarios e persoas usuarias veñen alertando desde hai tempo dunha situación límite nas urxencias de Ferrol, con ratios asistenciais inasumibles, espazos saturados e tempos de espera incompatibles cunha atención sanitaria segura, digna e de calidade.

A Xunta de Galicia, baixo a responsabilidade do goberno de Alfonso Rueda, como administración competente en materia sanitaria, ten a obriga de garantir a seguridade das e dos pacientes, a calidade asistencial e unhas condicións de traballo axeitadas para o persoal sanitario, especialmente nun servizo tan sensible como o de urxencias hospitalarias. A falta de resposta eficaz ante esta situación supón unha grave irresponsabilidade política e un risco evidente para a saúde da cidadanía da comarca de Ferrolterra.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Ponte deume somete a votación do Pleno a seguinte moción:

- 1. Reforzar de maneira inmediata o servizo de urxencias do Hospital Arquitecto Marcide con máis persoal sanitario, garantindo ratios seguras en todos os turnos.*
- 2. Mellorar a planificación sanitaria da área de Ferrol para evitar que situacións de saturación se repitan, especialmente en períodos de maior presión asistencial".*

Continúa a **Sra. Bellón**, dicindo que tanto a sanidade como a educación son dous piares fundamentais para a cidadanía; que na sanidade di textualmente "*vainos a vida nelo*", e que xa son moitos arrastrando estes problemas e que hai que ter unha maior previsión sobre todo nestas épocas de inverno onde os servizos de urxencias se saturan, confluindo situacións de gravidade cunha maior incidencia de virus de tipo respiratorio.

Toma a palabra **don Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do grupo municipal do BNG**, para indicar que o seu voto vai ser a favor, pero queren ver se hai posibilidade de engadir un punto de acordo na moción a maiores, tendo en conta de que está moción virá tamén en parte pola manifestación que hai convocada pola plataforma SOS sanidade pública para o día 1 de febreiro. Propoñen engadir o seguinte punto: "*Manifestar o apoio institucional do Concello á manifestación convocada por SOS sanidade pública o vindeiro 1 de febreiro en Compostela*".

O grupo municipal do PSdG-PSOE acepta engadir un punto 3 a moción presentada, proposto polo grupo municipal do BNG, que sería o seguinte:

- 3. Manifestar o apoio institucional do Concello á manifestación que se celebrará en Santiago de Compostela o día 1 de febreiro, convocada por SOS SANIDADE PÚBLICA.*

Toma a palabra **dona Montserrat Pico Rodeiro, concelleira do grupo municipal do PP** para dicir que están de acordo coa moción, pero o seu voto será a abstención, xa que recabaron





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

datos falando coa xerente da área sanitaria, que lle indicou que en febreiro ía comezar o reforzo no servizo de urxencia, que despois en xullo se abrirán as novas urxencias; indica que non pode ir en contra, xa que como cidadá que é, quere un servizo de sanidade de calidade; pero a mellora da situación deste servizo xa está posta en marcha, que é verdade que a área sanitaria de Ferrol necesita un gran cambio, que agora hai unha nova xerente que lle consta que está dando uns xiros importantes, que ás veces non é cousa de planificación; o que lle sucedeu a esa familia non pode volver pasar, e inadmisíbel, que lle consta que se están recabando información sobre a actuación para darlle explicacións á familia afectada, recoñece que non hai xustificación para o que pasou, e que hai que mellorar moito esta área sanitaria.

Sen máis intervencións sométese a votación a moción emendada, quedando **ADOPTADO** por **POR MAIORÍA DE ONCE VOTOS A FAVOR (11)**, dos concelleiros e concelleiras do grupo municipal do PSdG-PSOE (9), D. Bernardo Fernández Piñeiro, D^a M.^a Rosario Huertas Garabana, D. Daniel Ríos Fernández, D^a. Alejandra Bellón Tenreiro, D. José Simoes Couceiro, D. Isaac Alejandro García Otero, D^a. Ángela Piñeiro Carrera, D. Joshua Dopico López e D^a Manuela García Fachal; do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do BNG (2) D. Manuel Aaron Curbeira Martínez e D^a Rocío Pena Pena; e **DÚAS ABSTENCIÓNS (2)** e do concelleiro e da concelleira do grupo municipal do PP (2), D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e D^a. Montserrat Pico Rodeiro; o **ACORDO** seguinte:

- 1.Reforzar de maneira inmediata o servizo de urxencias do Hospital Arquitecto Marcide con máis persoal sanitario, garantindo ratios seguras en todos os turnos.
2. Mellorar a planificación sanitaria da área de Ferrol para evitar que situacións de saturación se repitan, especialmente en períodos de maior presión asistencial".
3. Manifestar o apoio institucional do Concello á manifestación que se celebrará en Santiago de Compostela o día 1 de febreiro, convocada por SOS SANIDADE PÚBLICA.

5. MOCIÓN PSdG-PSOE: ADOPCIÓN MEDIDAS URXENTES PARA GARANTIR UN SERVIZO DE TRANSPORTE INTERUBANO AXEITADO NA LIÑA FERROL-A CORUÑA.

Toma a palabra a **concelleira portavoz do grupo municipal do PSdG-PSOE, dona Alejandra Bellón Tenreiro**, que da lectura á moción presentada:

“MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A SÚA CONSIDERACIÓN, DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO, INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A ADOPTAR MEDIDAS URXENTES PARA GARANTIR UN SERVIZO DE TRANSPORTE INTERUBANO AXEITADO NA LIÑA FERROL-A CORUÑA.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

Nos últimos días fixéronse públicas diversas queixas de persoas usuarias da liña de transporte interurbano por estrada que conecta Ferrol e A Coruña, nas que se denuncia unha situación reiterada de saturación do servizo, con vehículos completos e persoas que non puideron acceder ao autobús, quedando sen posibilidade de realizar o desprazamento previsto.

Esta situación resulta especialmente grave tendo en conta que se trata dunha conexión fundamental para a mobilidade diaria de traballadoras e traballadores, estudantes e cidadanía en xeral, nun eixo territorial estratéxico que vertebra dúas das principais cidades da provincia da Coruña e a súa contorna.

A falta de capacidade suficiente e de frecuencias axeitadas nas horas de maior demanda evidencia unha planificación deficiente do servizo, que non responde ás necesidades reais da poboación usuaria. O transporte público interurbano debe ser unha alternativa fiable ao vehículo privado, garantindo regularidade, accesibilidade e prazas suficientes, especialmente nun contexto no que resulta imprescindible avanzar cara a unha mobilidade máis sostible e socialmente xusta.

Cómpre lembrar, ademais, que o transporte público por estrada é unha peza clave para a conectividade de Ferrol e da súa comarca co resto do territorio galego. Para moitas persoas, o autobús constitúe a principal —cando non a única— opción de mobilidade para acceder ao emprego, aos estudos, aos servizos públicos ou ás relacións sociais. Garantir un servizo axeitado, suficiente e fiable resulta, polo tanto, esencial para evitar o illamento territorial e asegurar a igualdade de oportunidades da cidadanía de Ferrolterra.

O Goberno galego, como administración competente en materia de transporte interurbano por estrada, ten a responsabilidade de supervisar, planificar e garantir un servizo público de calidade, evitando situacións nas que a cidadanía queda sen acceso a un dereito básico como é a mobilidade.

A esta situación de saturación e deficiente planificación do servizo súmase o grave conflito laboral que afecta ao sector do transporte interurbano por estrada na provincia da Coruña. A convocatoria de folga, con varias xornadas de paro xa realizadas e a ameaza de carácter indefinido a partir do mes de febreiro, puxo de manifesto a incapacidade da Xunta de Galicia para exercer un papel activo de mediación entre as partes.

A ausencia de avances na negociación dun novo convenio colectivo, tras anos sen acordo, está a provocar un impacto directo e moi negativo na vida cotiá da cidadanía, con servizos paralizados, incumprimento dos servizos mínimos e unha total falta de información ás persoas usuarias, que quedan abandonadas sen alternativas de mobilidade.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Municipal Socialista do Concello de Ponte deume somete a votación do Pleno a seguinte moción:





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

1. *Garantir que o servizo de transporte interurbano entre Ferrol e A Coruña cumpra criterios de regularidade, fiabilidade e accesibilidade, asegurando condicións dignas para as persoas viaxeiras.*

2. *Mellorar os sistemas de información ás persoas usuarias, tanto nos horarios como na dispoñibilidade de prazas, co fin de facilitar a planificación dos desprazamentos e evitar situacións de incerteza.*

3. *Instar á Xunta de Galicia a asumir un papel activo de mediación e a promover de maneira inmediata a reactivación da mesa de negociación entre a representación sindical e a patronal do sector do transporte interurbano por estrada, co obxectivo de acadar un acordo que poña fin ao conflito laboral e garanta tanto condicións laborais dignas para as persoas traballadoras como a continuidade e calidade do servizo público á cidadanía”.*

Continúa dicindo a **Sra. Bellón** que xa perdeu a conta do número de mocións que se presentaron neste Pleno nos últimos catro anos, que se fixeron manifestacións, reclamacións, peticións, etc... e non se obtivo nunca ningunha resposta; e a situación pode agravarse pola convocatoria da folga indefinida; a Xunta de Galicia é a quen lle corresponde intentar mediar no conflito laboral para que se resolva, que os afectados, ao final, son os usuarios.

Indica a **Sra. Bellón** que o mal funcionamento do servizo, agravado pola previsible folga indefinida provoca tamén o illamento das vilas, e da xente que non ten medio de transporte propio.

Toma a palabra **don Manuel Aaron Curbeira Martínez, concelleiro do grupo municipal do BNG**, para indicar que concordan coa moción presentada, anunciando o voto a favor; pero piden modificar o apartado 3 do acordo coa finalidade de responsabilizar un pouco máis a Xunta e ás empresas e defendendo aos traballadores; engadindo a seguinte frase “Lembrándolle as empresas concesionarias a súa obriga de negociar de boa fe”, de xeito que o punto quedaría redactado como segue:

3. *Instar á Xunta de Galicia a asumir un papel activo de mediación e a promover de maneira inmediata a reactivación da mesa de negociación entre a representación sindical e a patronal do sector do transporte interurbano por estrada. Lembrándolle as empresas concesionarias a súa obriga de negociar de boa fe co obxectivo de acadar un acordo que poña fin ao conflito laboral e garanta tanto condicións laborais dignas para as persoas traballadoras como a continuidade e calidade do servizo público á cidadanía”.*

O Sr. Presidente di que están de acordo na nova redacción do punto.

Toma a palabra **don Santiago José Rodríguez Piñeiro, concelleiro portavoz do grupo municipal do PP**, indicando que tamén están a favor da moción, que na actualidade a situación é insostible, e propón tamén engadir un novo punto de: “*Instar a Xunta de Galicia a que, no caso de que as empresas non cumpran, comencen as sancións correspondentes*”





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Intervén a **Sra. Bellón** que se se houberse convocado a mesa de seguimento moitas cousas igual estarían solucionadas, que hai moitos anos con este problema e nunca se sancionou, que todo isto e consecuencia de deixamento durante moitos anos.

Sen máis intervencións, sométese a votación a moción emendada polos tres grupos políticos, quedando **ADOPTADO** por **POR UNANIMIDADE**, dos concelleiros e concelleiras presentes (9 PSOE, 2 BNG e 2 PP), o ACORDO seguinte:

1. Garantir que o servizo de transporte interurbano entre Ferrol e A Coruña cumpra criterios de regularidade, fiabilidade e accesibilidade, asegurando condicións dignas para as persoas viaxeiras.
2. Mellorar os sistemas de información ás persoas usuarias, tanto nos horarios como na dispoñibilidade de prazas, co fin de facilitar a planificación dos desprazamentos e evitar situacións de incerteza.
3. Instar á Xunta de Galicia a asumir un papel activo de mediación e a promover de maneira inmediata a reactivación da mesa de negociación entre a representación sindical e a patronal do sector do transporte interurbano por estrada. Lembrándolle as empresas concesionarias a súa obriga de negociar de boa fe co obxectivo de acadar un acordo que poña fin ao conflito laboral e garanta tanto condicións laborais dignas para as persoas traballadoras como a continuidade e calidade do servizo público á cidadanía.
4. Instar a Xunta de Galicia a que, no caso de que as empresas non cumpran, comencen as sancións correspondentes.

6. DAR CONTA DA REMISIÓN DE INFORMACIÓN AO MINISTERIO EN RELACIÓN COA PRÓRROGA DO ORZAMENTO 2025 A 2026.

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE DACIÓN DE CONTA

Comunicación da remisión ao Ministerio da prórroga do orzamento 2025 para a ano 2026.

(Expediente TEdC: 2024/T004/000001)

Visto o sinalado o sinalado na orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (modificada pola Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro)





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

ÚNICO.- Dar conta do informe de Intervención de referencia 9/2026 , de asunto: "Comunicación de cumprimento da remisión de información ao Ministerio en relación coa prórroga do orzamento de 2025 a 2026".

As concelleiras e concelleiros presentes **TOMAN RAZÓN**.

7. DAR CONTA DAR REMISIÓN AO MINISTERIO DO PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO E MOROSIDADE. 4º TRIMESTRE 2025.

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE TOMA DE RAZÓN

DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN 8. 2026 DE MOROSIDADE E PERÍODO MEDIO DE PAGAMENTO CORRESPONDENTE AO CUARTO TRIMESTRE 2025.

(Expediente TEdC: 2026/X999/000020)

Visto o sinalado no artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, concretamente nos seus apartados 3 e 5, que sinalan literalmente que:

"(...) 3. Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones locales elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.

4. Sin perjuicio de su posible presentación y debate en el Pleno de la Corporación local, dicho informe deberá remitirse, en todo caso, a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y, en su respectivo ámbito territorial, a los de las Comunidades Autónomas que, con arreglo a sus respectivos Estatutos de Autonomía, tengan atribuida la tutela financiera de las Entidades locales. Tales órganos podrán igualmente requerir la remisión de los citados informes.

5. La información así obtenida podrá ser utilizada por las Administraciones receptoras para la elaboración de un informe periódico y de carácter público sobre el cumplimiento de los plazos para el pago por parte de las Administraciones Públicas. (...)"

Visto o sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade Financeira,

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

ÚNICO.- Dar conta do informe de Intervención de referencia **8.2026**, de asunto: “Comunicación de cumprimento da remisión de información ao Ministerio en relación coa morosidade e período medio de pagamento correspondentes ao **cuarto trimestre de 2025**.”

As concelleiras e concelleiros presentes **TOMAN RAZÓN**.

8. ASUNTOS DE URXENCIA.

Non constan presentados asuntos pola vía de urxencia.

9. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES.

Non constan presentadas mocións pola vía de urxencia.

10. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DAR CONTA RESOLUCIÓNS ALCALDÍA PRESIDENCIA.

A secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación

“PROPOSTA DACIÓN DE CONTA

Expediente TEdE: 2026/G006/00022

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **814/2025** de 18 de decembro de 2025 ao **27/2026** de 21 de xaneiro de 2026, ambos os dous incluídos, os seguintes:

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2025/G003/000901	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE DIA 23 DE DECEMBRO DE 2025	00814/2025	18-12-2025 13:50
2025/G003/000882	APROBACIÓN DOS PADRÓNS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE LIBRE CONCORRENCIA E DEPENDENCIA DO MES DE NOVEMBRO 2025.	00815/2025	18-12-2025 15:34
2025/G003/000887	CONTRATO PARA A EXECUCIÓN DAS	00816/2025	18-12-2025



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO "EXTENSIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO EN A GRAÑA"		15:34
2025/G003/000897	EXPEDIENTE Sancionador de Tráfico AI 99500000037642	00817/2025	18-12-2025 15:34
2025/G003/000896	EXPEDIENTE Sancionador de Tráfico AI 99500000037534	00818/2025	18-12-2025 15:34
2025/G003/000895	EXPEDIENTE Sancionador de Tráfico AI 99500000037473	00819/2025	18-12-2025 15:34
2025/G003/000870	Decreto Aprobación Plans Covés - Figueirido e Ramais en O Silvar (Nogueirosa)" POS + AD 2/2024, 1ª F	00820/2025	18-12-2025 15:34
2025/G003/000888	SOLICITUDE DE INSCRICIÓN EN ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN RUEIROS/RUEIRAS DE NADAL 2025/2026	00821/2025	18-12-2025 15:34
2025/G003/000902	RECTIFICACIÓN CONCESIÓN AXUDAS EMERXENCIA SOCIAL	00822/2025	18-12-2025 15:34
2025/G003/000889	SOLICITUDE SUBVENCIÓN CONDUTAS ADITIVAS	00823/2025	18-12-2025 15:34
2025/G003/000904	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 33, XERACIÓN DE CRÉDITO 18. POS+AD 4/2025.-	00824/2025	18-12-2025 15:34
2025/G003/000899	EXPEDIENTE Sancionador de Tráfico DR 27390/2025	00825/2025	18-12-2025 15:35
2025/G003/000898	EXPEDIENTE Sancionador de Tráfico 22939/2025	00826/2025	18-12-2025 15:35
2025/G003/000908	PRÓRROGA DO ORZAMENTO 2025 A 2026	00827/2025	19-12-2025 10:52
2025/G003/000894	LIQUIDACIÓN DE TRIBUTOS-MODELO 111 IRPF, NOVEMBRO 2025	00828/2025	19-12-2025 10:36
2025/G003/000905	MODIFICACIÓN CONTRACTUAL DA TRABALLADORA QUE DESEMPEÑA O POSTO DE AUXILIAR SAF (CÓD. RPT 06.03.00.03.12) PASANDO A OCUPAR O POSTO DE LIMPADORA (CÓD- RPT 05.05.03.03.34)	00829/2025	19-12-2025 12:27
2025/G003/000906	EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN	00830/2025	19-12-2025





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	CONTRACTUAL DA TRABALLADORA QUE DESEMPEÑA O POSTO DE AUXILIAR SAF (CÓD. RPT 06.03.00.03.15) PASANDO A OCUPAR O POSTO DE LIMPADORA (CÓD.- RPT 05.05.03.03.36)		12:27
2025/G003/000911	SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN EN ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN SERVIZO DE CONCILIACIÓN MUNICIPAL MADRUGADORAS/MADRUGADORES CURSO 2025/2026	00831/2025	19-12-2025 14:09
2025/G003/000917	ELABORACIÓN DE NÓMINAS- DOCUMENTACIÓN NÓMINA MES DECEMBRO 2025	00832/2025	22-12-2025 09:48
2025/G003/000909	TRAMITACIÓN CONVENIOS DE OUTROS ORGANISMOS- CONCELLO DE FENE, CONCELLO DE PONTEDEUME, DEPARTAMENTO INTERVENCIÓN	00833/2025	19-12-2025 17:52
2025/G003/000919	CONTRATO BASADO EN ACORDO ACORDO MARCO PARA A A SUBMINISTRACIÓN DE ELECTRICIDADE EN ALTA E BAIXA TENSIÓN A TRAVÉS DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DA FEMP	00834/2025	22-12-2025 09:48
2025/G003/000921	SOLICITUDE DE DUPLICADO POR DETERIORO DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO POR MOBILIDADE REDUCIDA	00835/2025	22-12-2025 13:23
2025/G003/000900	AXUDAS PARA SITUACIÓNS DE EMERXENCIA SOCIAL	00836/2025	22-12-2025 13:24
2025/G003/000915	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 1/FINAL DA OBRA -AGLOMERADO DE CAMIÑO EN SAN COSME, PONTEDEUME. OBRAS MUNICIPAIS.	00837/2025	22-12-2025 13:24
2025/G003/000916	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 1/FINAL DA OBRA -MELLORA DE PISTA EN REGUEIRA E ACCESO, ANDRADE. OBRAS MUNICIPAIS.	00838/2025	22-12-2025 13:24
2025/G003/000920	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 34,	00839/2025	22-12-2025





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	TRANSFERENCIA CRÉDITO 12, VARIAS ÁREAS GASTO.-		13:24
2025/G003/000892	ELABORACIÓN DE NÓMINAS- DOCUMENTACIÓN NÓMINA MES DECEMBRO 2025	00840/2025	22-12-2025 12:51
2025/G003/000891	INCIDENCIAS NÓMINA MES DECEMBRO 2025	00841/2025	22-12-2025 12:53
2025/G003/000922	CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DÍA 23 DE DECEMBRO DE 2025	00842/2025	22-12-2025 14:40
2025/G003/000912	SOLICITUDE SUBVENCIÓN ÁRBORES SENLLEIRAS 2026	00843/2025	23-12-2025 11:24
2025/G003/000907	NOMEAMENTO DE SECRETARIA ACCIDENTAL MSS . DÍA 26 DE DECEMBRO DE 2025 E MRV OS DÍA 1 AO 11 DE XANEIRO DE 2026 AMBOS INCLUSIVE	00844/2025	23-12-2025 11:24
2025/G003/000924	APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2025/27.-	00845/2025	23-12-2025 14:03
2025/G003/000923	APROBACIÓN RELACIÓN DE FACTURAS F/2025/26.-	00846/2025	23-12-2025 14:03
2025/G003/000927	APROBACIÓN DO PROXECTO "REHABILITACIÓN DE PISCINA MUNICIPAL CUBERTA DE PONTEDEUME. FASE 1	00847/2025	23-12-2025 13:46
2025/G003/000930	SUBMINISTRACIÓN VEHÍCULO ESPECIAL LIMPEZA VIARIA (VARREDORA)	00848/2025	23-12-2025 15:27
2025/G003/000928	DECRETO RESOLUCIÓN SUBVENCIÓNES POR CONCORRENCIA COMPETITIVA A ENTIDADES DEPORTIVAS 2024-25	00849/2025	23-12-2025 16:20
2025/G003/000890	SOLICITUDE SUBVENCIÓN OBRADOIRO 2026	00850/2025	23-12-2025 16:21
2025/G003/000929	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE - DNI 15*****7G	00851/2025	23-12-2025 16:21
2025/G003/000932	APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2025/28.-	00852/2025	26-12-2025 11:09



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2025/G003/000936	ADQUISICIÓN DE TERREO EN AVENIDA DE FERROL. REFERENCIA CATASTRAL 6969302NJ6066N0001HD. FASE A	00853/2025	26-12-2025 13:00
2025/G003/000947	INSTALACIÓN POSTO AMBULANTE DE HAMBURGUESAS OS DÍAS 19,24,25,29 E 31 DE DECEMBRO.	00854/2025	29-12-2025 15:35
2025/G003/000945	EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DO CONTRATO PARA A PRESTACIÓN DE "SERVIZO DE CONSERVACIÓN e MANTEMENTO DE ÁREAS AXARDINADAS E OUTROS DO CONCELLO DE PONTEDEUME	00855/2025	29-12-2025 17:13
2025/G003/000946	ADQUISICIÓN DE TERREOS: FINCA EN VIZÚS. REF. CATASTRAL 4967516NJ6046N0001KT.	00856/2025	29-12-2025 17:13
2025/G003/000939	CONVOCATORIA SELECCIÓN PERSOAL-SELECCIÓN DE UN TRABALLADOR COA CATEGORÍA DE PEÓN, SEGUNDO SUBVENCIÓN (GARANTÍA XUVENIL).	00857/2025	29-12-2025 17:13
2025/G003/000938	CONVOCATORIA SELECCIÓN PERSOAL-PROCESOS SELECCIÓN TÉCNICO DE XESTIÓN A2, OEP 2024	00858/2025	29-12-2025 17:13
2025/G003/000937	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 1/FINAL DA OBRA -MELLORA CAPA RODAXE ACCESO CEMITERIO E PRAIA DE CENTROÑA-.	00859/2025	29-12-2025 17:13
2025/G003/000933	EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN CONTRACTUAL DA TRABALLADORA QUE DESEMPEÑA O POSTO DE AUXILIAR SAF (CÓD. RPT 06.03.00.03.14) PASANDO A OCUPAR O POSTO DE LIMPADORA (CÓD.- RPT 05.05.03.03.35)	00860/2025	29-12-2025 18:56
2025/G003/000935	COTA SOCIAL DO ASOCIACIÓN EURO EUME CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O EXERCICIO 2025	00861/2025	29-12-2025 18:56
2025/G003/000934	LISTAS DEFINITIVAS DE ADMITIDAS/OS E LISTA DE ESPERA NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL . CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE NOVEMBRO	00862/2025	29-12-2025 18:56





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	2025. CURSO 2025-2026		
2025/G003/000926	TESOURERÍA: SOLICITADA ANULACIÓN DE LICENCIA URBANÍSTICA. SOLICITA DEVOLUCIÓN DO ICIO CORRESPONDENTE	00863/2025	29-12-2025 18:56
2025/G003/000940	CONVOCATORIA SELECCIÓN PERSOAL-PROCESO SELECCIÓN POSTO ALGUACIL-CONSERXE, FUNCIONARIO INTERINO	00864/2025	29-12-2025 18:56
2025/G003/000881	TRAMITACIÓN CONVENIOS-CONVENIO CONCELLO DE ARES, SERVIZO DE URBANISMO. PAGAMENTO HORAS REALIZADAS. NOVEMBRO	00865/2025	29-12-2025 18:56
2025/G003/000943	APROBACIÓN CONVENIO EN MATERIA DE PERSOAL, CONCELLO DE VALDOVIÑO, CONCELLO DE PONTEDEUME.	00866/2025	29-12-2025 18:56
2025/G003/000942	ADQUISICIÓN DE TERREO EN AVENIDA DE FERROL. REFERENCIA CATASTRAL 6969302NJ6066N0001HD. FASE D.	00867/2025	29-12-2025 18:56
2025/G003/000941	SOLICITUDE SUBVENCIÓN PRESTACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA, RESCATE E SALVAMENTO O ANO 2025 PR460D	00868/2025	29-12-2025 18:56
2025/G003/000951	MODIFICACIÓN CRÉDITO 35, TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 13. VARIAS ÁREAS DE GASTO.-	00869/2025	30-12-2025 12:09
2025/G003/000944	ADQUISICIÓN DE TERREOS: FINCA EN OLMO. REF. CATASTRAL 7960914NJ6075N0001BM.	00870/2025	30-12-2025 14:41
2025/G003/000954	ADQUISICIÓN DE TERREO EN AVENIDA DE FERROL. REFERENCIA CATASTRAL 6969302NJ6066N0001HD. CORRECCIÓN DE ERROS .	00871/2025	30-12-2025 14:51
2025/G003/000949	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 1 DA OBRA -PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑO EN AS PEDRIDAS, CAMPOLONGO. OBRAS MUNICIPAIS.-	00872/2025	30-12-2025 15:33
2025/G003/000953	TESOURARÍA: ALTA-BAIXA PADRÓN PRESTACIÓN PATRIMONIAL DE	00873/2025	30-12-2025 16:04





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	CARÁCTER PÚBLICO POR RECOLLIDA DE LIXO		
2025/G003/000925	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº1 E Nº2 DA OBRA -APARCAMENTO EN SANTA MARÍA DE OMBRE-. OBRAS MUNICIPAIS.	00874/2025	30-12-2025 16:04
2025/G003/000950	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 1 DA OBRA -EXTENSIÓN REDE ABASTECIMENTO EN A GRAÑA-. OBRAS MUNICIPAIS.	00875/2025	30-12-2025 16:04
2025/G003/000763	APROBACIÓN EXPEDIENTE VIZÚS	00876/2025	30-12-2025 16:11
2025/G003/000956	CONVOCATORIA AXUDAS SOCIAIS PERSOAL LABORAL E FUNCIONARIO, ANOS 2023 E 2024	00877/2025	30-12-2025 19:05
2025/G003/000952	APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2025/29.-	00878/2025	30-12-2025 19:05
2025/G003/000957	RECTIFICACIÓN DE ERRO ARITMÉTICO AXUDAS SOCIAIS 2023-2024	00879/2025	31-12-2025 10:37
2025/G003/000931	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 10 - LIQUIDACIÓN DA OBRA -MELLORA PAVIMENTOS E SERVIZOS NO CAMIÑO ESTREITO E NA MARXE DEREITA DA AVDA. DA CORUÑA-. CONVENIO Nº 44/2022 DEPUTACIÓN A CORUÑA.	00880/2025	31-12-2025 10:37
2026/G003/000001	NOMEAMENTO INTERVENTOR ACCIDENTAL, JLSV	00001/2026	02-01-2026 13:17
2026/G003/000002	DELEGACIÓN DE FUNCÍONS DO 3 AO 13 DE XANEIRO DE 2026 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS).	00002/2026	02-01-2026 14:56
2026/G003/000003	DECRETO APROBACIÓN PLANS. OBRA APARCAMENTO EN BOEBRE	00003/2026	05-01-2026 10:48
2025/G003/000877	PARALIZACIÓN DA OBRA, SUSPENSIÓN E AMPLIACIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA "APARCAMENTO EN OMBRE"	00004/2026	07-01-2026 08:54
2026/G003/000004	RELACIÓN DE ALTAS, BAIXAS E MODIFICACÍONS NO PADRÓN	00005/2026	09-01-2026 11:21





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	MUNICIPAL DE HABITANTES DURANTE O 2º TRIMESTRE (01 DE ABRIL AO 30 DE XUÑO) DO ANO 2025		
2025/G003/000955	CONVOCATORIA DO CONSELLO SECTORIAL MEMORIA DEMOCRÁTICA	00006/2026	12-01-2026 14:09
2026/G003/000006	NOMEAMENTO SECRETARIA ACCIDENTAL DO 13 AO 18 DE XANEIRO	00007/2026	12-01-2026 14:09
2026/G003/000009	SOLICITA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA	00008/2026	15-01-2026 09:45
2026/G003/000005	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO DR 99500000037583	00009/2026	15-01-2026 09:45
2026/G003/000008	LIQUIDACIÓN DE TRIBUTOS-IRPF MOD 111 DECEMBRO 2025	00010/2026	15-01-2026 09:45
2025/G003/000703	PROCEDEMENTO ABREVIADO 75/2025 DELAYO MUTUA DE SEGUROS CONTRA CONCELLO DE PONTEDEUME POR RECLAMACIÓN PATRIMONIAL DE EAC	00011/2026	15-01-2026 09:45
2026/G003/000011	SOLICITUDE SUBVENCIÓN AULA CEMIT 2025	00012/2026	15-01-2026 14:50
2026/G003/000010	SOLICITUDE SUBVENCIÓN DINAMIZACIÓN DA LECTURA. LER CONTA MOITO	00013/2026	15-01-2026 14:50
2026/G003/000014	PADRÓN PREZO PÚBLICO DEC SERVIZO DE CONCILIACIÓN MUNICIPAL MADRUGADORAS/MADRUGADORES CURSO 2025/2026	00014/2026	15-01-2026 14:50
2026/G003/000007	PROCEDIMENTO: PO PROCEDIMENTO ORDINARIO 0000250 /2025 / SOBRE ADMON. LOCAL PROGASA 2000 OBRAS Y SERVICIOS SL	00015/2026	16-01-2026 10:37
2026/G003/000017	SOLICITA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA	00016/2026	16-01-2026 12:26
2026/G003/000016	SOLICITUDE DE ACCESO Á INFORMACIÓN PÚBLICA. DATOS SOBRE COLONIAS FELINAS E CANS	00017/2026	16-01-2026 12:26





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	ABANDONADOS.		
2026/G003/000018	EXPEDIENTE PAGO A XUSTIFICAR SUBSCRIPCIÓN SERVIZO DE APARTADO POSTAL DO XULGADO DE PAZ DE PONTEDEUME	00018/2026	19-01-2026 15:03
2026/G003/000013	CONTA XUSTIFICATIVA AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL	00019/2026	19-01-2026 15:03
2026/G003/000020	SOLICITUDE ACCESO Á LICENZA DE APERTURA E FUNCIONAMENTO COA POSIBILIDADE DE OBTENIR COPIAS DEL LOCAL GUIÓN SITUADO EN LA RÚA SAN AGUSTÍN, 6.	00020/2026	20-01-2026 09:47
2026/G003/000015	TESOURARÍA: PADRÓN DE FACTURACIÓN DOS ABONADOS PERTENCENTES AO CONCELLO DE PONTEDEUME POLOS SERVIZOS DE SUBMINISTRO DE AUGA POTABLE, SANEAMENTO E DEPURACIÓN, CORRESPONDENTE AO CUARTO TRIMESTRE DE 2025	00021/2026	20-01-2026 14:32
2026/G003/000021	AMPLIACIÓN DO PRAZO PARA O GOCE DE VACACIÓNS E ASUNTOS PARTICULARES DE LIBRE DISPOSICIÓN, ANO 2025.	00022/2026	21-01-2026 11:10
2026/G003/000024	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DÍA 22 DE XANEIRO DE 2026	00023/2026	21-01-2026 13:43
2026/G003/000026	CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO DE DÍA 26 DE XANEIRO DE 2026	00024/2026	21-01-2026 13:43
2026/G003/000023	EXPEDIENTE SANCIONADOR DE TRÁFICO AI 99500000037744	00025/2026	21-01-2026 13:43
2026/G003/000027	CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA DE DÍA 26 DE XANEIRO DE 2026	00026/2026	21-01-2026 13:43
2026/G003/000022	SOLICITUDE SUBVENCIÓN PATRIMONIO CULTURAL. LONXAS DE	00027/2026	21-01-2026 14:05





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Nº expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
	RAXOI. DP0045. DEPUTACIÓN DA CORUÑA		

As concelleiras e concelleiros presentes **TOMAN RAZÓN.**

11. ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

11.1. PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.

O grupo municipal do BNG presenta para o pleno de día 29.01.2025 as seguintes preguntas:

Pregunta 1. MERCADO. Existen algunhas deficiencias nas instalacións do mercado municipal para as cales se ven reclamando desde hai tempo unha solución. Entre elas están a ausencia de vidros na parte superior das portas e a inundación do corredor interior entres as peixerías e os almacéns, problema que leva tamén a atascos nos baños.

Teñen prevista algunha intervención para dar solución a estas problemáticas? En caso de ser afirmativo, en que datas está previsto realizalas?

Con relación ao roubos acontecidos vaise tomar algunha medida máis alén da xa tomada de instalación de cadeados nas portas? Como por exemplo vídeo vixilancia?

Por outra banda, sobre a limpeza do mercado, desde que cesou a empresa que estaba prestando o servizo, como se está asumir o servizo de limpeza? Hai unha persoa no mercado todas os días durante todo o horario de apertura? Está previsto algún cambio no servizo?

Resposta do goberno.- As deficiencias do mercado municipal que requiren de actuacións de reparación e mantemento estanse a realizar tan pronto nos dan aviso das mesmas, ben con persoal do Concello se son reparacións menores ou con persoal externo no caso de ser reparacións na que se fai necesaria unha actuación técnica especializada.

Os vidros na parte superior das portas laterais retiráronse a petición dos propios praceiros por facilitar a entrada de correntes de aire no verán xa que a concentración excesiva de calor nesta nave era perxudicial para o correcto mantemento dos produtos de venda. Na tarefa de retirada dos mesmos e pola calidade dos cristais, estes esnaquizáronse por destemplamento e decidiuse cos praceiros que, cando pasara a tempada de calor, se encargarían outros dun material que permitise a súa retirada no verán sen riscos de rotura. unha vez acordado coa representación dos praceiros, procedeuse a falar coa empresa cristaleira para que tomaran as medidas dos devanditos cristais e fíxose o encargo dos mesmos. Os cristais xa están feitos e, segundo nos comunicou a empresa, procederán á súa colocación nos primeiros días da vindeira semana.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O atasco dos baños é un problema estrutural que require dunha intervención máis complexa . Xa se analizou a situación por técnicos municipais in situ e estanse a valorar dúas posibles solucións ,tan pronto como se decida pola parte técnica procederáse á redacción do proxecto e a contratación dos traballos.

Con relación ao roubos acontecidos vaise tomar algunha medida máis alén da xa tomada de instalación de cadeados nas portas? Como por exemplo vídeo vixilancia?

Dende o primeiro momento en que tivemos coñecemento destes feitos estamos a solicitar varios presupostos de diferentes empresas de seguridade para a instalación de cámaras de videovixilancia nas dúas naves do mercado tal e como se trasladou como a representación dos praceiros como a propia persoa afectada. Así mesmo procedeuse a resetear a chave de acceso ao mercado e elaborar un novo rexistro de control de acceso.

Por outra banda, sobre a limpeza do mercado, desde que cesou a empresa que estaba prestando o servizo, como se está asumir o servizo de limpeza? Hai unha persoa no mercado todas os días durante todo o horario de apertura? Está previsto algún cambio no servizo?

A persoa que está asumindo as tarefas de limpeza do mercado cumpre o mesmo horario que se estaba a facer con anterioridade coa única excepción dos luns, para cumprir coa normativa laboral de libranza , sendo este o día de menor actividade na praza de abastos ao non ser día de venda de peixe. Polo tanto este horario é o que leva implantado no mercado dende hai décadas.

Pregunta 2. ESTRADA DE OMBRE E BEIRARRÚAS. Saben cal é o motivo polo que as obras na estrada de Ombre levan máis de dous meses paralizadas, limitándose a actuación realizada á execución duns bordos de cemento que, lonxe de mellorar a vía, están a empeorar a circulación e a supoñer un risco para a seguridade dos vehículos, especialmente para as rodas?



Ten o goberno municipal un calendario actualizado para a continuación e finalización destas obras? Saben cando a Deputación ten previsto retomalas e dar unha solución definitiva a esta





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

situación, tendo en conta ademais que a parroquia de Ombre é unha das principais vías de acceso ás Fragas do Eume, co conseguinte incremento de tráfico, especialmente en determinadas épocas do ano?

Así mesmo, existe proxecto e/ou data concreta para cumprir coas reiteradas promesas de construción das beirarrúas na parroquia de Ombre?, sendo esta a única parroquia do Concello que carece delas, o que supón un grave problema de seguridade para os peóns, especialmente para persoas maiores, crianzas e veciñanza que se despraza a pé a diario, máis aínda nunha zona con elevada afluencia de visitantes.

Resposta do goberno.- Segundo nos trasladan desde a Deputación dá Coruña, o motivo evidente da paralización das devanditas obras non é outro que as causas climatolóxicas, xa que leva chovendo en abundancia durante máis de dous meses. Unha vez executados e finalizados os traballos de pavimentación, os bordos de cemento non quedarán na situación actual.

A día de hoxe o proxecto de beirarrúas atópase en fase de redacción por parte dos servizos técnicos da Deputación, de feito xa se fixeron actuacións de reformulo e medición na zona, polo que confiamos en que serán unha realidade do mesmo xeito que o foron, a pedimento deste goberno, as de Andrade e Centroña nos últimos anos.

Pregunta 3. AXUDAS ASOCIACIÓNS. Poderían detallar as asociacións culturais e deportivas que recibiron axudas no ano 2025 a través de subvencións, convenios ou calquera outra vía e en que cantidade?

Resposta do goberno.- No caso das asociacións deportivas, no ano 2025 concedéronse as seguintes axudas:

- SD Eumesa: 10.755,99€
- CN Firrete: 22.360,25€
- Balonmán Ponte deume: 8.571,43€
- Fútbol Sala Ponte deume: 4.257,02€
- Club Acordes Ponte deume: 10.124,47€

En todo caso o concello, por acordo con moitas das entidades do municipio colabora como coorganizador en moitos dos eventos que se realizan.

Sobre esta pregunta, o **Sr. Curbeira**, di que non ve cales son os datos ás asociacións culturais.

Responde o **Sr. Presidente**, que se chegou a un acordo coas asociacións culturais, de xeito que non reciben subvención e o concello e coorganizador das súas actividades, sufragando directamente certos gastos.

Pregunta 4. FONTES PÚBLICAS. No pasado mes de xuño de 2025 presentamos un rogo para mellorar a sinalización das fonte públicas, a realización de análises de auga e a súa





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

publicación, así como a súa posta en valor. Ten previsto o goberno acometer algunha acción neste sentido? Porque a situación das fontes non mudou.

Resposta do goberno.- A día de hoxe estase a tramitar un proxecto para a rehabilitación do lavadoiro de Vizús e acabase de realizar unha actuación en Centroña que contemplou a mellora do lavadoiro que se atopa nas inmediacións da praia. Así mesmo realizáronse diversas tarefas de limpeza e chorreo dos lavadoiros ao longo e ancho do municipio. Traballos que continuarán ao longo das vindeiras semanas.

Pregunta 5. ESTACIONAMENTO RESIDENTES. No pleno do mes de abril de 2025 aprobábase por unanimidade unha iniciativa do noso grupo, na que se instaba ao goberno a axilizar e continuar as xestións para a creación de zonas de estacionamento reservadas para residentes. Houbo algún avance nisto?

Resposta do goberno.- Continúanse tendo reunións e avances cos redactores do PMUS e Policía Local para poñer en marcha diferentes actuacións ao longo dos próximos meses.

Pregunta 6. TANQUE TORMENTAS. Ten algunha información o goberno sobre o correcto funcionamento do tanque de tormentas do peirao? Xa que son numerosas as queixas porque en certos momentos de abundantes chuvias bota para fora augas fecais. Saben ou preguntaron a que se debe isto? Existe separación na rede de saneamento nesta zona? Saben se existe un mantemento correcto do tanque?

Resposta do goberno.- O tanque de tormentas ten unha capacidade como calquera pode entender, cando a capacidade do tanque por grandes achegas de augas se ve superada, como é lóxico, ten un aliviadoiro para evitar o colapso desta instalación. Nesta zona como deberían saber vostedes se acometeu unha actuación de renovación de saneamento de toda a fachada marítima de Ponte deume que implicou a separación das pluviais e esa fecais. Loxicamente a totalidade da rede de saneamento de Ponte deume non conta con esa separativa, pero todas as actuacións de ampliación, mellora ou substitución da rede de saneamento realizada por este goberno nos últimos dez anos contemplaron e polo tanto executaron redes separativas.

Pregunta 7. ESTRADA VELLA. Ten pensado o goberno tomar algunha medida para a seguridade vial na estrada vella, na zona do Olmo? Desde o BNG consideramos necesario que se realice ou solicite un estudo técnico para a execución dunha senda peonil segura na Estrada Vella, coa finalidade de garantir a mobilidade peonil e a seguridade viaria das veciñas e veciños.

Trátase dunha zona de uso habitual por parte da poboación, tanto para desprazamentos cotiáns como para paseos, na que actualmente non existen infraestruturas adecuadas para o tránsito peonil, obrigando ás persoas a camiñar pola calzada ou por marxes en condicións inseguras, con especial risco para persoas maiores, crianzas ou persoas con mobilidade reducida.



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Así mesmo, como medida inmediata e provisional, solicitar a habilitación da marxe dereita da estrada para o paso peonil, mediante solucións sinxelas e de baixo custo (sinalización horizontal e vertical, acondicionamento do solo, mellora da iluminación, delimitación física do espazo, redución da velocidade do tráfico, etc.), mentres non se execute a actuación definitiva.



Resposta do goberno.- Se a actuación que trasladan refírese ao ámbito da foto que anexan, dita actuación foi solicitada en outubro do ano pasado nun reunión na Demarcación de Estradas do Estado, titular da vía e quen actualmente se atopa estudando as posibilidades de actuación segundo indicáronnos recentemente.



Se se refiren á parte anterior á zona que sae reflectida na imaxe, desde o goberno local xa se mantivo unha reunión cos veciños na que se adoptaron unha serie de acordos encamiñados á implementación de melloras na Avda Castelao.

11.2. ROGOS FORMULADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG.

O grupo municipal do BNG presenta para o Pleno de día 29.01.2026 os seguintes rogos:

1. Solicitamos que se manteñan limpos os rúas de Cabría. Atópanse nunha situación lamentable, cheos de vexetación e limo, o que os fai perigosos para a circulación, sobre todo para as moitas persoas maiores que os empregan a diario.





2. Presenta un rogo "in voice" sobre a porta traseira do mercado que lles comunican que segue sen pechar ben, a pesar de que parece que xa foron a arranxala. A concelleira voceira do grupo de goberno responde que hai boa comunicación e que se está respondendo no minuto un.

11.3. PREGUNTAS FORMULADAS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP.

O grupo municipal do PP presenta para o pleno de día 29.01.2025 as seguintes preguntas:

Pregunta. FINCA AVD. DE FERROL.

1. ¿A quién se le compró y cuanto fue su coste?
2. ¿ Se barajó la idea de ampliar el parque ya existente y la instalación de columpios? Ya que hay un aparcamiento a escasos metros al lado del cementerio y apenas se usa.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Resposta do goberno. Los datos serán facilitados en la dación de cuenta de los decretos de alcaldía que son presentados en este mismo pleno.

Como saben a información á que fan referencia foilles trasladados a través do acceso á plataforma porque a ley de protección de datos impide a difusión da mesma.

El aparcamiento se encuentra al lado del cementerio al que hacen ustedes referencia, una vez comentado con los propietarios ,se va a proceder a la mejora de su acceso que es el motivo por el cual muchos conductores deciden no utilizarlo. En lo que se refiere al terreno recientemente adquirido, la decisión de dedicarlo a aparcamiento está motivada, por una parte por las obras de humanización de la Avda de Ferrol , para cuya ejecución se eliminan en torno a 8 plazas de aparcamiento y por la otra por el proyecto de humanización de la calle Ria de Ares que contempla la mejora de accesibilidad a los portales, con lo cual también podría suprimirse alguna plaza. Ambas situaciones supondrían una merma de las plazas de estacionamiento existentes en la actualidad por lo que ,siguiendo uno de los objetivos que se ha marcado este gobierno que no es otro que el de crear nuevas zonas de estacionamiento, y dentro del mismo, la decisión de no eliminar plazas en tanto no se tenga una alternativa para compensarlo se ha tomado esta decisión.

Pregunta. OCUPACIÓN DE LA VÍA PÚBLICA. Hemos observado que muchos locales de Hostelería cierran 1 día e incluso día y medio por descanso y dejan la terraza montada ocupando la vía pública (sin ser de su propiedad). Al igual qu ela ocupación de las aceras delante de los locales con cartones, cajas y etc. (se adjunta foto al final, del documento).

Esta 2 situaciones son constantes a lo largo del año dando una imagen nefasta.

3.¿Cuándo se estima que estaría la nueva ordenanza de ocupación de la vía pública para poder ordenar esta situación?

4.Y si esta ordenanza no tiene previsto aprobarse en breve... ¿Hay alguna forma de ir corrigiendo esto con la hostelería?



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)



Resposta do goberno.- En el día de ayer tuvo lugar una nueva reunión entre el equipo redactor del proyecto de ordenanza, los técnicos municipales y representantes del gobierno, en la misma se analizó la adaptación a la ley de accesibilidad y de emergencias al mencionado documento. A día de hoy el mismo se encuentra muy avanzado con lo que a lo largo del presente año se procederá a su aprobación una vez realizada la correspondiente exposición pública, periodo de consulta y alegaciones.

Por lo tanto las cuestiones a las que hacen referencia quedarán reguladas y solventadas una vez que esta herramienta entre en vigor.

Pregunta. AUDITORIO. Recientemente en unas declaraciones del Alcalde en un medio de comunicación habló, que ya barajaban un terreno para el Auditorio.

5.¿Cuál es el lugar que se está barajando?

Resposta do goberno. Tal y como escucharon ustedes en las declaraciones del alcalde le oirían también decir que la ubicación no se haría pública en tanto el acuerdo de compra no esté cerrado para evitar que cualquier filtración pueda interferir en este proceso. Tan pronto como se cierre esa adjudicación nos comprometemos a comunicar el acuerdo del mismo.

6.¿En qué situación está ese proyecto y qué previsiones se tiene para este año?

Resposta do goberno. Actualmente estamos estudiando varias alternativas desde el punto de vista urbanístico e inicialmente la previsión que tenemos es la de adquirir la parcela este año y contratar la redacción del proyecto. Entenderán ustedes que no se puede realizar un proyecto sin tener previamente la parcela para poder ejecutarlo.





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Pregunta 7. ¿Cuándo se prevé que estarán listos los presupuestos?

Resposta do goberno. La intención del Gobierno es que , una vez el departamento de intervención remita toda la documentación de cierre contable, etc, se pueda elaborar el documento. Previsiblemente en el mes de marzo.

11.4. ROGOS FORMULADOS POLO GRUPO MUNICIPAL DO PP

O grupo municipal do PP presenta para o pleno de día 29.01.2025 os seguintes rogos:

- En la salida de la guardería hacia la avenida a mano izquierda hay aparcamientos en batería y cuando aparcando coches voluminosos la visibilidad es nula para salir... y teniendo en cuenta que según sales tienes un paso de peatones al otro lado esto genera un peligro en ocasiones... Rogamos que pongan un espejo de frente, aportando visibilidad al lado izquierdo para dar seguridad.
- Limpien de limo las aceras que llevan a la calle de la guardería (por donde se da la vuelta a la calle) ya que son intransitables por el limo y por lo pendientes que son.
- Soliciten el revacheo del puente de piedra en cuanto no empiece la obra.

REMATE DA SESIÓN

Sen máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente, levanta a sesión, sendo as doce horas e vinte e seis minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta coas sinaturas dixitais do Presidente e da Secretaria, que dá fe.

DILIXENCIA DE APROBACIÓN

Apróbase a presente acta, na sesión ordinaria do Pleno celebrada o día 26.02.2026 segundo o borrador asinado o día 18.02.2026. Esténdese a presente dilixencia, para constancia, coa sinatura dixital do alcalde e da secretaria, que dá fe.

